



**XORNADAS
DE MÚSICA
CONTEMPORÁNEA
2017**

**MÚSICA
[E OUTRAS
ARTES]**

7 out-25 nov
2017

Santiago de
Compostela

Paulo p.
Gaita

Berta Fresco

Piano

VEN 27 OUTUBRO — 20.30 h
Paraninfo da Universidade

Programa

A GAITA

Jesús González(1965)
Cantiga (2011)

Jose Luis Sánchez (1975)
*Acqua** (2017)

Paulo p. (1975)
Degoiro, de Sarah Kane (2011)

Marta Lozano (1985)
Samsara (2017)

Paulo p. (1975)
Contorno #1 (2008)

*Estrea absoluta

Paulo p. Titulado en Música Antiga-Flauta de Bisel, en Historia e Ciencias da Música, e en Educación Musical. A sua formación académica inclúe tamén estudos de Filosofía, de Economía e empresa, e Historia da Arte.

Formou parte do consort de flautas A Imagem da Melancolia até o cesamento da actividade do grupo. Ten gravado máis dunha ducia de discos, destacando a sua participación co grupo Resonet. Tocou en Galicia, Portugal, Francia, Cataluña, Alemaña, Austria, Reino Unido, España ou Turquía. É considerada a persoa que reinventou a gaita de fol en Galicia, creando e desenvolvendo unha técnica completamente descoñecida até entón no instrumento grazas á cal dinámicas, articulacións, ampliación do ámbito sonoro, e nuances necesarias para unha interpretación artística, son realmente posibles. Desde aquí, introduciu a gaita na música-arte de estética contemporánea acadando un certo recoñecimento o que permitiu que varias obras se teñan composto expresamente para el e para o instrumento nos últimos tempos.

Funda en 2014 o agrupamento Emsemble Hotteterre coa intención de estudar e interpretar o repertorio erudito da gaita anterior a 1800. Coa parcería da Fundación Vicente Risco creou en 2014 o proxecto artístico-educativo Oficina Utricularii con sede en Allariz.

Berta Fresco. Nace en Biscaia, comeza a estudar no Conservatorio de Leioa, prosegue o grao Superior no Conservatorio de Vitoria-Gasteiz co profesor A. Nieto e remátao co Premio de Honra Fin de Carreira. Realiza un Postgrao de Piano en Londres na Royal Academy of Music con C. Elton. No Conservatorio de Utrecht, Holanda, estuda con D. Kuijken e M. Visser. Posteriormente trasládase a Amsterdam e realiza un novo curso de Postgrao no Conservatorio Sweelinck de Amsterdam. Participou en diversas clases maxistrais cos mestres F. Gevers, E. Kolodín, A. Jazsinsky, J. Achúcarro, J. Gruithuizen e ten sido galardonada en concursos como os de Gernika, San Sebastián, Londres e Albacete. Ten realizado numerosos concertos dentro e fóra de España, como solista ou parte de numerosos grupos de cámara. É integrante do Ensemble Kuraia de Bilbao, e con el realiza unha intensa actividade en países como México, Perú, O Salvador, Italia e Berlín, en certames de música contemporánea como os de Málaga, Sevilla, Córdoba, Alicante, Reina Sofia, Fundación Juan March, e en festivais como os de Tres Cantos e Teatros del Canal en Madrid, BBVA de Bilbao, Quincena Musical Donostiarra. Actualmente é profesora no Conservatorio Profesional de Música de Vigo.

Jesús González (1965) realiza os seus estudos musicais en Vigo, Santiago e Barcelona. Autodidacta en composición, participa en seminarios impartidos por S. Sciarrino, T. Murail, M. Lindberg, J. Harvey, P. Hurel, M. Rodeiro e J. Manuel López López. Na súa inquietude como compositor comprometido coa arte contemporánea forma o grupo Aticus16 (1994), coordina o Departamento de Música do CGAC (1996-98), colabora regularmente con ensembles e intérpretes de música contemporánea e crea os ciclos de música de cámara *Galegos Hoxe!* en Vilagarcía de Arousa e *Música d'Avui!* en Barcelona. Compón obras para orquestra como *2002 tres notturni sin luz* (2002), *Partes* (2005) ou *Carguero* (2014); *solo* (1995) *18 Variaciones* (2003) ou *Barco* (2010) para ensemble; obras de cámara como *acaricio tu calma* (1994), *Por la Paz* (2004), *Trío* (2006) ou *Cantiga* (2011) e obras a só como *Gregorianus 1 en si b* (2001), *Señales-Trumpet* (2010) ou *Elegy* (2015). Recibe encargos de numerosas formacións e entidades, entre elas, o CNDM. A súa obra para a orquestra sinfónica *Aquaeductus* foi finalista no IV Concurso Internacional de Composición Andrés Gaos. As súas composicións son interpretadas por músicos como de referencia na contorna internacional. En 2016 edita o seu primeiro CD titulado *Cantiga* cunha selección representativa das súas obras de cámara e a só. En 2011, baixo o nome de *Cantiga para instrumento melódico e piano*, comeza unha serie de obras para distintos instrumentos que intentan evocar os cantos de outrora da terra galega.

José Luis Sánchez (1975)

Aqua, para gaita y piano.

Mirar el río hecho de tiempo y agua y recordar que el tiempo es otro río, saber que nos perdemos como el río y que los rostros pasan como el agua. A veces en las tardes una cara nos mira desde el fondo de un espejo; el arte debe ser como ese espejo que nos revela nuestra propia cara. También es como el río interminable que pasa y queda y es cristal de un mismo Heráclito inconstante, que es el mismo y es otro, como el río interminable. (Jorge Luis Borges)

A obra preséntase como unha xustaposición de procesos de transformación dos compoñentes harmónicos dun son fundamental nos de outro e viceversa. Estes procesos apenas son perceptibles, e están relacionados por determinados acontecementos harmónicos, rítmicos e dinámicos que se ven sometidos a distintos tipos de variacións, orixinando timbres e sonoridades que se van desenvolvendo en matices e cores cambiantes. A partitura está dedicada ao compositor Jesús González.

Marta Lozano Molano (1985), compositora, emprendedora creativa, co-fundadora de WAZO, firma global de innovación, comunicación e creación de contido cultural, e directora de Wazo Magazine. Como compositora, é entusiasta, enérxica e fondamente sinestésica. O seu traballo céntrase na exploración e observación do son desde distintos puntos de vista, sendo a tímbrica e o silencio os elementos fundamentais das súas pezas. Desfruta traballando con ideas extra-musicais, normalmente a partir de conceptos poéticos, formas, cores ou fenómenos da natureza baseados principalmente na luz. O que máis valora das súas obras é a experiencia de vivirlas, especialmente en directo. *Samsara* (2017) é ciclo continuo da vida, morte e reencarnación no que se atopan os seres vivos ata que acadan o Nirvana. Esta música representa o estado no que vivimos os humanos no noso sendeiro cara a iluminación e a liberación do sufrimento da vida mundana.

Paulo p. (1975) *Degoiro, de Sarah Kane* é una peza composta para a obra *Crave* de Sarah Kane, que foi dirixida por Diana Mera. Configurada por un material compositivo moi reducido, nela o son dinámico e flexible vira en verdadeiro estruturador das limitadas partículas moleculares que a compoñen. En Contorno #1 aleatoriedade ten distinta incidencia nos tres planos nos que se artella a obra. Determinadas operacións son empregadas para definir os marcos, o perfil, o momento temporal exacto dos eventos, a duración, a posición e aínda outros. Sendo estes elementos fixos e inmutables para as intérpretes, elas aínda deben facer escollas no momento da execución resultando pequenas pero significativas variacións e diferenzas de cada vez.



XORNADAS DE MÚSICA CONTEMPORÁNEA 2017

MÚSICA [E OUTRAS ARTES]

AUDITORIO DE GALICIA
Avda. Burgo das Nacións s/n
15705 Santiago de Compostela

DESPACHO DE BILLETES
T 981 571 026 | T 981 573 979 (Auditorio)
T 981 542 349 (Teatro Principal)

OFICINAS
T 981 552 290 | T 981 574 152

www.rfgalicia.org
www.compostelacapitalcultural.gal

Próximos concertos

OUTUBRO

VERTIXE SONORA ENSEMBLE

Sáb 28—20.30 h—CGAC

GRUPO DE DANZA CONTEMPORÁNEA DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE DANZA DE LUGO- GRUPO DE PERCUSIÓN DO CONSERVATORIO PROFESIONAL DE MÚSICA XOÁN MONTES DE LUGO

Diego Ventoso, director

Dom 29—12.30 h

Auditorio de Galicia- Sala Mozart

NOVEMBRO

VOX STELLAE

Luis Martínez, director

Ven 3—20.30 h— Igrexa da Universidade

ZOAR

Sáb 4—20.30 h— Paraninfo da Universidade

TALLER ATLÁNTICO CONTEMPORÁNEO

Diego García Rodríguez, director

Ven 10—20.30 h— CGAC

ORQUESTRA DE CÁMARA GALEGA

Rogelio Groba, director

Sáb 11—20.30 h— Igrexa da Universidade

ORQUESTRA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Mario Diz, director

Dom 12—12.30 h— Igrexa da Universidade

LA PHÁRMACO

Ven 17—20.30 h

Auditorio de Galicia — Sala Mozart



Deputación
DA CORUÑA